

Manos Unidas
CAMPAÑA CONTRA A FAME



CAMPAÑA LIII

memoria
2012



sumario

<u>Presentación</u>	3
<u>Quen somos?</u>	4
<u>Que facemos?</u>	7
1.- Sensibilización	8
2.- Proxectos de Desenvolvemento	10
<u>Por que o facemos?</u>	17
<u>As nosas contas</u>	18
<u>Transparencia</u>	20
<u>Agradecementos</u>	21
<u>As Delegacións</u>	23



En 2012, sempre no contextos da loita contra a fame, centrámonos no sexto Obxectivo de Desenvolvemento do Milenio, que nos convida a traballar para reducir a incidencia que a SIDA, o paludismo e a tuberculose teñen nas comunidades máis pobres da Terra. Tamén tentamos concienciar sobre o dengue, a enfermidade de Chagas ou a do sono e o conxunto das “enfermidades esquecidas”, chamadas así por mor de incidir principalmente nos máis pobres e estar apenas presentes no Norte rico, invístase moi pouco sobre elas. Lamentablemente, cousas coma esta son unha realidade no noso mundo. En Manos Unidas traballamos para que deixe de ser así.

África é o continente peor parado. As causas que contribúen a que isto sexa así son diversas, e entre elas atópanse as guerras e os conflitos, que se dan en tantos países, e que impiden que neles se poidan pór en marcha proxectos de desenvolvemento.

Se miramos cara ao continente asiático, vemos como a combinación da tuberculose coa SIDA está a causar milleiros de mortes cada ano. Dúas terceiras partes dos casos de tuberculose danse en Asia. Esta enfermidade, que se cría controlada, reapareceu con especial virulencia, e ten consecuencias letais cando se contrae coa VIH/SIDA. Traballar na prevención resulta moi importante, como comprobamos cos proxectos que apoiamos.

América segue padecendo enormes desigualdades, agravadas pola crise económica global.

O lema da campaña 2012 afirmaba: “A saúde, dereito de todos”. E unha segunda parte dese mesmo lema convidábanos a non permanecer pasivos: “Actúa!”; sen ese apoio, o noso traballo veríase moi afectado, porque a crise estase a notar tamén no noso sector. É coma se puxésemos un pano diante dos países máis pobres, que fai que sexa máis difícil velos. Pero non perdemos o ánimo. O compromiso en favor deles continúa, tanto por parte de Manos Unidas como, coido que tamén, polo conxunto da poboación española. Os ingresos de orixe pública diminuíron moito en 2012 na nosa organización, pero a baixa dos privados foi moi pequena, e iso no noso caso é moi importante porque esta parte representa o 85,6% do total.

Así pois, e a pesar das dificultades que estamos a vivir, podemos dicir que o apoio que recibimos para loitar contra a fame continúa sólido. Moitísimas grazas a todos por manter este compromiso. Sentimos que non estamos sós. Desexamos responder co noso traballo de cada día, mantendo as nosas marcas de identidade, coidando valores como a austeridade e transparencia, e sen esquecer o noso fin como institución: os máis pobres, a loita contra a fame e contra as súas causas. Mentres exista esta pobreza, seguiremos traballando. Renovamos a nosa ilusión no traballo por esta causa, que nos move dende hai máis de cincuenta anos.

Soledad Suárez
Presidenta



quen somos?



Rafael Gómez

Manos Unidas é a Asociación da Igrexa Católica en España para a axuda, a promoción e o desenvolvemento dos países en vías de desenvolvemento. É á súa vez unha Organización Non Governamental para o Desenvolvemento (ONGD), de voluntarios, católica e segrar.

A nosa misión é loitar contra a fame, a deficiente nutrición, a miseria, a enfermidade, o subdesenvolvemento e a falla de instrución; e traballar para erradicar as causas estruturais que as producen: a inxustiza, a desigual repartición dos bens e as oportunidades entre as persoas e os pobos, a ignorancia, os prexuizos, a insolidariedade, a indiferenza e a crise de valores humanos e cristiáns (Estatutos, Art. 5°).



En 1955 a Unión Mundial de Organizacións Femininas de Acción Católica declarou a “guerra á fame”. En España, este chamamento foi recollido polas Mulleres de Acción Católica no ano 1959, constituíndo a “Campaña contra a fame en España”, que posteriormente coñecemos como Manos Unidas.

DELEGACIÓNS

Manos Unidas posúe unha estrutura diocesana, que lle permite estar presente en toda a xeografía española. A misión das **70 delegacións** diocesanas de Manos Unidas é a sensibilización da poboación sobre a situación no mundo, e a recadación de doazóns para financiar os proxectos que apoia a organización. Para conseguilo desenvólvense gran variedade de actividades.

VOLUNTARIADO

Manos Unidas defínese nos seus estatutos como unha organización de voluntarios. Entendemos o voluntariado como unha opción de vida, testemuño de valores coma a gratuidade e a solidariedade, necesarios hoxe máis que nunca na nosa sociedade. Este sinal de identidade materialízase nos **5304 voluntarios** que deron o seu tempo e o seu bo facer á organización de forma regular durante todo este ano. Esta cantidade de persoas aumenta considerablemente nos momentos máis fortes da Campaña. Os órganos de goberno de Manos Unidas están compostos por persoas voluntarias. Ao seu carón, un reducido número de persoas contratadas son peza inseparable para levar a cabo a tarefa, respectando os principios e criterios de Manos Unidas.

SOCIOS E COLABORADORES

Moitas persoas viron como melloraban as súas vidas grazas ao apoio incondicional das **85250 persoas socias e colaboradoras** de Manos Unidas no ano 2012. É ese espírito de comunión, de solidariedade, de gratuidade e de xustiza o que nos move a todos a seguir loitando por un mundo mellor.

GRAZAS a todos eles é posible o labor de Manos Unidas

Nun mundo globalizado, as relacións entre persoas, países e continentes son necesarias e enriquecedoras. Manos Unidas está presente en redes e organismos nacionais e internacionais:

- Consello Pontificio CorUnum
- CIDSE
- CONCORD
- CONGDE (Coordinadora de ONG para o Desenvolvemento de España)
- Fundación Sur
- Pacto Global Contra a Pobreza
- Foro de Laicos
- Consello Nacional de Misións
- Plataforma do Voluntariado de España
- Asoc. Esp. de Fundraising



Organigrama de Manos Unidas

ÓRGANOS DE GOBERNO


Asemblea Xeral

A Asemblea Xeral é o órgano supremo de goberno de Manos Unidas. Reúnese dúas veces ao ano.

Presidenta — 70 Presidentas-Delegadas de sés diocesanais — 1 Representante dos Servizos Centrais — Comisión Permanente

Comisión Permanente

A Comisión Permanente é o órgano de goberno que, subordinado á Asemblea Xeral e segundo as súas directrices, dirixe o funcionamento de Manos Unidas. Reúnase unha vez ao mes.



*Soledad Suárez é Presidenta dende outubro de 2012. Ata esa data ocupou o cargo Myriam G^a Abrisqueta.

ORGANIZACIÓN A NIVEL DIOCESANO

Equipo Directivo Diocesano



ÓRGANOS DE XESTIÓN

Servizos Centrais

Os Servizos Centrais son os servizos técnicos e administrativos encargados de levar à práctica os acordos adoptados polos órganos de goberno da Asociación.





Manos Unidas/Javier Mármol

Manos Unidas mantén dúas liñas de traballo:

- Dar a coñecer e denunciar a existencia da fame e do subdesenvolvemento, as súas causas e os seus posibles remedios;
- Reunir medios económicos para financiar os programas, plans e proxectos de desenvolvemento integral encamiñados a atender estas necesidades.

No ano 2012, Manos Unidas celebrou a súa **campaña LIII** que, co lema **“A saúde: dereito de todos: Actúa!”** quixo incidir especialmente na loita contra a malaria, a SIDA e outras enfermidades, **sexto Obxectivo de Desenvolvemento do Milenio**.



Sensibilización

Unha das principais tarefas de Manos Unidas é dar a coñecer e denunciar ante a sociedade española a existencia da fame e do subdesenvolvemento, así como as súas causas e posibles solucións.

A campaña do ano 2012 centrouse na protección do dereito de todos á saúde, tal e como reclama o Obxectivo do Milenio 6, combatendo a VIH/SIDA, a malaria e as enfermidades chamadas esquecidas, que por selo son máis virulentas entre os máis pobres. Co lema “**A saúde, dereito de todos: Actúa!**” quixemos transmitir á sociedade española que a saúde e o desenvolvemento camiñan xuntos. Esta campaña contou para a súa difusión coa elaboración de materiais informativos e publicitarios, así como o apoio de numerosos medios de comunicación.



O noso obxectivo é que cada vez haxa máis persoas comprometidas coa transformación social, que se sentan responsables do ben dos demais e da necesidade de contribuír ao desenvolvemento de quen máis o necesita.

Para acadalo, apostamos pola formación de nenos e mozos, xa que nas súas mans está o futuro do mundo. Elaboramos materiais de educación en valores para todos os niveis educativos e apoiamos ao profesorado con cursos e obradoiros que lles permitan realizar este traballo. Para os máis cativos, formamos a persoas de Manos Unidas en técnicas de obradoiros de Contacontos, organizando esta actividade en centros educativos.

Ademais, expertos en saúde e desenvolvemento participaron en Málaga e outras cidades andaluzas no XI Foro de Manos Unidas, “Saúde para o desenvolvemento”, onde se analizaron as causas e as consecuencias das enfermidades, sinalando as solucións que xa se están a aplicar co apoio de Manos Unidas.

Manos Unidas participa en diferentes campañas temáticas nacionais e internacionais, relacionadas coa nosa misión de loita contra a fame e a pobreza e centradas na vinculación existente entre a xustiza climática, a seguridade alimentaria e o desenvolvemento sostible. Estivo presente en importantes procesos internacionais, como a Conferencia de Nacións Unidas sobre Desenvolvemento Sostible (Río +20), o Comité de Seguridade Alimentaria (FAO) e o diálogo dos procesos de traballo para conformar unha nova axenda global de desenvolvemento a partir de 2015.

Operación Enlace

- A Operación Enlace xera vínculos entre persoas ou grupos da sociedade española e as comunidades que reciben o apoio de Manos Unidas, achegando a súa situación e condicións de vida, e acadando unha maior sensibilidade e compromiso cos países do Sur. En 2012, Manos Unidas realizou **501 Operacións Enlace** por un importe solicitado total de 20.599.612,52 €.



outras actividades de sensibilización



Carreira solidaria
Celebráronse en diversas cidades e vilas para concienciar aos mozos sobre a importancia da solidariedade e tamén para recadar fondos para proxectos de Manos Unidas.



Operación bocata solidario

Compartir un bocadillo pode ser un bo momento para informar, sensibilizar e crear canles de solidariedade.

Premios Manos Unidas

Os gañadores dos diversos concursos ao final do acto de entrega de premios celebrado no Auditorio de CaixaForum de Madrid.



Manos Unidas/Javier Mármol

Viaxes cos medios de comunicación

Cada ano, Manos Unidas organiza unha viaxe con profesionais dos medios, para que poidan coñecer os proxectos que apoia a organización.



Manos Unidas/M^{ra} Eugenia Díaz

CONCURSO DE CLIPMETRAJES

Crea, comenta, vota...

www.clipmetrajesmanosunidas.org



Concurso de Clipmetraxes 2012-2013

Co lema “O teu punto de vista pode cambiar o mundo” concursan clipmetraxes (vídeos dun minuto), cargadas de solidariedade, esperanza e denuncia social. O tema da IV edición foi “Dicindo NON á pobreza”.




Tu punto de vista
puede cambiar
el mundo

Proxectos

No ano 2012, Manos Unidas interveu en **56 países** en vías de desenvolvemento, apoiando con **550 proxectos** iniciativas moi diversas, xurdidas de persoas que día a día loitan por saír da pobreza.

Máis de **870 millóns de persoas** no mundo pasan fame, vítimas dunha orde mundial inxusta, padecendo de xeito severo os efectos dunha crise económica e financeira, aumentada polos **efectos do cambio climático** e a degradación medioambiental. A crise alimentaria estase a acentuar por outra serie de factores como a especulación dos alimentos, o acaparamento de terras ou os biocombustibles, o que está a levar ao 15% da poboación mundial a padecer **FAME**.



O rápido crecemento económico que están a experimentar algúns dos chamados países emerxentes non pode facernos perder de vista o aumento dunha aguda e crecente desigualdade nos devanditos países que leva a sectores da poboación á máis absoluta miseria.

Combater a fame, traballando polo dereito á alimentación, é un dos eixes principais do traballo de Manos Unidas que abordaremos por medio de programas orientados a garantir a seguridade alimentaria das comunidades máis vulnerables.

Ademais, as persoas vítimas de **conflitos** de emerxencias xa esquecidas (terremotos, inundacións, fame...) ou do tráfico de persoas, seguen estando no corazón do traballo de Manos Unidas, persoas ás que acompañamos en países como Haití, Somalia, Sudán do Sur ou Birmania.

Nun contexto global de incerteza, conscientes da dura e inxusta realidade que padecen millóns de persoas no mundo, Manos Unidas, inspirada polos principios da Doutrina Social da Igrexa, e movida polo sufrimento dos máis empobrecidos e esquecidos, continúa o seu acompañamento ás comunidades máis vulnerables, promovendo a seguridade alimentaria, o acceso á auga, á saúde e á educación, principalmente naqueles países cun índice de desenvolvemento baixo e cuxos Estados non lles garanten estes dereitos básicos.


Mais a loita contra a pobreza, nun mundo globalizado como no que vivimos, cómpre que sexa tamén unha resposta global e coordinada. Para iso, traballamos con outras organizacións europeas pertencentes á rede CIDSE e cos Servizos Sociais da Igrexa e as Caritas do Sur, de xeito que a nosa resposta ás necesidades que nos chegan sexa máis eficaz.

proyectos por sectores

Manos Unidas apoia proxectos de desenvolvemento agrícola, educativos, sanitarios, de promoción social e de promoción da muller.

Ademais, atende a poboacións en situación de emerxencia e ofrece axuda humanitaria en circunstancias que así o requiran.

En 2012 financiáronse os seguintes proxectos:



Agrícola: 94 proxectos

Importe: 8.124.882,80 euros
Beneficiarios: 196.484 directos



Educativo: 185 proxectos

Importe: 9.623.464,21 euros
Beneficiarios: 1.034.578 directos



Sanitario: 89 proxectos

Importe: 5.166.679,54 euros
Beneficiarios: 1.768.705 directos



Prom. Social: 99 proxectos

Importe: 5.299.489,14 euros
Beneficiarios: 901.293 directos



Prom. muller: 83 proxectos

Importe: 4.814.494,16 euros
Beneficiarios: 288.242 directos



Proxectos de Manos Unidas no mundo en 2012

Ademais, continúa apoiando economicamente proxectos de exercicios anteriores.
No ano 2012, foron un total de 870 proxectos.

américa

1. Bolivia, 11 proxectos
2. Brasil, 13 prox.
3. Colombia, 6 prox.
4. Cuba, 2 prox.
5. Ecuador, 8 prox.
6. O Salvador, 10 prox.
7. Guatemala, 17 prox.
8. Haití, 10 prox.
9. Honduras, 6 prox.
10. México, 5 prox.
11. Nicaragua, 1 prox.
12. Panamá, 4 prox.
13. Paraguai, 5 prox.
14. Perú, 25 prox.
15. Rep. Dominicana, 5 prox.

Total: 128 proxectos.

Valor: 11.079.432,30 euros.

áfrica

1. Angola, 8 prox.
2. Benin, 13 prox.
3. Burkina Faso, 18 prox.
4. Burundi, 4 prox.
5. Camerún, 12 prox.
6. Costa de Marfil, 3 prox.
7. Egipto, 2 prox.
8. Eritrea, 2 prox.
9. Etiopía, 6 prox.
10. Ghana, 6 prox.
11. Kenya, 19 prox.
12. Madagascar, 13 prox.
13. Malawi, 6 prox.
14. Malí, 2 prox.
15. Marrocos, 2 prox.
16. Mauritania, 11 prox.



**Manos Unidas aprobou en 2012 un total de 550 proxectos,
en 56 países, por un valor de 33.029.009,85 euros.**



asia

1. Bangladesh, 2 proxectos
2. Cambodja, 2 prox.
3. Filipinas, 3 prox.
4. India, 162 prox.
5. Iraq, 2 prox.
6. Israel, 2 prox.
7. Líbano, 2 prox.
8. Nepal, 1 prox.
9. Palestina, 1 prox.
10. Sri Lanka, 4 prox.

**Total: 181 proxectos.
Valor: 9.340.932,84 euros.**

17. Mozambique, 11 prox.
18. Níxer, 2 prox.
19. Nixeria, 7 prox.
20. Rep. Centrafricana, 1 prox.
21. Rep. Dem. Congo, 16 prox.
22. Ruanda, 4 prox.
23. Senegal, 8 prox.
24. Serra Leona, 15 prox.
25. Somalia, 4 prox.
26. Sudán do Sur, 5 prox.
27. Tanzania, 4 prox.
28. Togo, 9 prox.
29. Uganda, 12 prox.
30. Zambia, 8 prox.
31. Zimbabue, 8 prox.

**Total: 241 proxectos.
Valor: 12.608.644,71 euros.**



África

África, un continente formado por 54 países, case todos eles incluídos nos denominados en vías de desenvolvemento, está a experimentar desde 1995 e por riba de todo nos últimos anos, un forte crecemento económico, debido á suba de prezos dos recursos naturais, á diversificación das súas exportacións e á aplicación das novas tecnoloxías. Existe ademais, unha tendencia á mellora das institucións políticas e cambios nas políticas económicas dos países.



Pero África ten moitas caras e este forte crecemento económico non sempre vai acompañado de melloras nas condicións de vida da poboación. Seguimos sendo testemuñas de conflitos interrexionais, situacións de fame ou crises alimentarias que poñen de relevo o ancheamento da brecha que divide a pobres e ricos, dentro do propio continente. Deste xeito, dáse o paradoxo de que teñamos que falar de inseguridade alimentaria nun continente con enormes extensións de terras fértiles, grandes cantidades de auga e un clima favorable para moitos cultivos. E esa inseguridade alimentaria vai acompañada de conflitos bélicos que desembocan en milleiros de desprazados, refuxiados e mortos.

Dende Manos Unidas apoiamos o fortalecemento da poboación rural, facendo especial énfase nos nenos, mozos e mulleres, dotándoos da educación e da formación necesarias que lles permitan defenderse das políticas agrarias levadas a cabo polos seus gobernos a favor de potencias estranxeiras emerxentes, defendendo o seu dereito á terra e aos servizos básicos.

Mozambique é un país rico en materias primas e terra fértil, pero sofre fame cíclica nalgúns zonas. No instituto Marín Cipriano, en Mozambique, formámonos cada ano 320 mozos en técnicas agropecuarias que nos permiten defender a agricultura familiar, replicando ademais estes coñecementos nas nosas aldeas de orixe, o que multiplica o efecto do proxecto.



américa



América Latina é o continente da desigualdade. As relacións entre os latinoamericanos –persoas e países– están baseadas na falta de equidade. Algúns países aparecen mesmo entre os “emerxentes”, con niveis de renda elevados, pero en todos eles a meirande parte dos seus habitantes sofren niveis de pobreza absoluta. Coexisten os rañaceos coas favelas, os centros urbanos abraiantes coas comunidades rurais máis atrasadas, as modernas instalacións industriais e financeiras coa agricultura obsoleta, a maior riqueza coa maior pobreza...

Estas son, entre outras, as razóns polas que no noso traballo en América Latina damos prioridade ao apoio a proxectos produtivos agropecuarios: para garantir a seguridade alimentaria dos máis pobres. A eses proxectos dedicamos aproximadamente o 50% dos nosos recursos. Con eles tentamos diminuír as vulnerabilidades das poboacións pobres, promover modelos agrícolas e gandeiros mellor adaptados á súa contorna, mellorar a produtividade da terra por métodos ecolóxicos, defender as sementes nativas, a agricultura sostible e a produción e comercialización colectivas, etc.



En Guatemala, corenta mulleres de tres comunidades indíxenas capacitámonos no coidado de animais de curral, o que nos axudou a poder diversificar a nosa alimentación e paliar a grave situación de inseguridade na que vivimos para procurar a comida diaria. Tamén puidemos acceder a recursos formativos, que nos estiveron vetados tradicionalmente, coñecer os nosos dereitos e mellorar a nosa participación nas organizacións locais e na toma de decisións.

asia

India é unha das nacións con maior crecemento económico. Pero un 25% da súa poboación (mulleres e nenos, principalmente) vive por debaixo do limiar da pobreza. Existe, ademais, unha grande discriminación da muller respecto ao home. Créese que 8 millóns de fetos femininos foron abortados na última década. A isto súmase o infanticidio feminino, unha das peores pragas neste país, onde nacer muller é unha maldición para a familia. Para entendela cómpre coñecer e comprender a cultura da India; a economía é un factor determinante para as familias, que buscan ter e criar fillos varóns e evitan procrear fillas. As nenas percíbense como unha carga, pois “pérdense” para a familia e ademais para casar necesitan unha dote. En cambio, os nenos quedan na familia, traballan e a manteñen, e cando casan traen unha dote á casa. Isto explica tamén que a meirande parte das mulleres non accedan á unha educación formal, pois o que se espera delas é que saiban atender a casa e coidar dos seus irmáns menores.

No **Sueste Asiático**, o tráfico de persoas e a explotación laboral e sexual é unha manifestación máis do contexto xeral de violencia no que viven as mulleres, consideradas, moitas veces polas súas propias familias, unicamente como medios de xeración de ingresos.

Dende esta realidade, Manos Unidas quere fortalecer á muller a través da educación e do traballo: ademais apoia programas de sensibilización ante a inxustiza social, que son o primeiro paso para crear condicións que favorezan e aseguren o desenvolvemento pleno das potencialidades e capacidades das mulleres.

Grazas ao apoio de Manos Unidas, as mulleres de Uttarakhand (Norte de India) puidemos mellorar a calidade de vida, a través dos programas de xeración de ingresos, e nas nosas aldeas creáronse grupos comunitarios para previr e diminuír a violencia doméstica. Ademais, o fortalecemento da organización comunitaria permitiunos participar na toma de decisións en todos os niveis: familiar, social e político.





Saír ás periferias

Manos Unidas/M^a Eugenia Díaz

Cada vez hai máis conciencia social, apoiada pola reflexión de técnicos e especialistas e difundida nos medios de comunicación, de que acabar coa fame no mundo non é hoxe unha cuestión de falta de medios senón de decisión política. Sen embargo, vemos como os organismos das Nacións Unidas e os gobernos das grandes potencias non toman medidas decisivas para pórlle fin, á vez que toleran conflitos sustentados por intereses económicos como por exemplo o xa endémico do Congo, que trae sufrimentos extraordinarios á poboación.

Vemos como os intereses sitúanse por riba do ben das persoas, algo que é máis frecuente cando se trata de colectivos moi pobres; xusto o contrario do que debería ser, pois o máis pobre necesita, se cabe, unha maior protección.

Na Exhortación “*Caritas in veritate*” dísenos que o desenvolvemento dos pobos non é só unha cuestión económica senón tamén moral. “*É imposible sen homes rectos, sen operadores económicos e axentes políticos que sintan fortemente na súa conciencia a chamada ao ben común*”. (n.º 71). E isto implica non só aos gobernos senón tamén ás multinacionais e a cantos inspiran, ditan ou regulan as principais regras comerciais e económicas do mundo.

Impulsar esa coherencia moral, defender o valor das persoas en toda circunstancia é a misión na que

está empeñada Manos Unidas desde hai máis de cincuenta anos. Na Memoria deste ano vense exemplos concretos e palpables deste compromiso.

A nosa asociación fai posible, financiando proxectos de desenvolvemento, que se convertan en realidade aspiracións concretas das comunidades máis pobres. Ademais, tentan que avancen entre nós unha mentalidade e unha cultura solidarias, nas que a lóxica de acaparar ceda o lugar ás da entrega e o don. Recollendo unha idea, válida para todos, que o Papa Francisco pídelle hoxe á Igrexa, trátase de “*saír de si mesmo*” e de ir “*ás periferias*”, onde se atopan os máis cativos, e entre eles os fementos, aqueles que non teñen cubertas as súas necesidades básicas.

Dou as grazas a todos os socios, colaboradores e traballadores de Manos Unidas porque fan posible, ano tras ano, que a esperanza non desapareza do corazón das comunidades máis pobres do mundo. Que Deus vos bendiga e que vivades coa paz que dá o saber que fixestes o que tiñades que facer!

+ Juan José Omella Omella
Bispo de Calahorra y La Calzada-Logroño
e Consiliario de Manos Unidas





Javier Cuadrado

- A **recadación** de Manos Unidas no ano **2012** foi de **48.284.292 euros**.
- O **85,6%** dos nosos **ingresos** provén de **fontes privadas**, e o **14,4%** provén do sector público.
- Do total recadado, o **90,5%** foi **destinado aos fins de Manos Unidas** (o **84,8%** a Proxectos de desenvolvemento e o **5,7%** a Sensibilización).
- Os **socios**, cun **35,3%** dos **ingresos**, son a base fundamental de Manos Unidas.

ORIXEN DOS INGRESOS	
INGRESOS PRIVADOS: 85,6%	
● Socios e doadores (1)	16.939.800.-
● Parroquias e Entidades Relixiosas	11.640.193.-
● Colexios	1.451.070.-
● Emerxencias	96.046.-
● Herdanzas e legados	7.348.880.-
● Outros	3.579.557.-
TOTAL SECTOR PRIVADO	41.055.546.-
INGRESOS PÚBLICOS: 14,4%	
● Axencia Española de Cooperación Internacional ao Desenvolvemento (AECID)	3.659.405.-
● Administración Local e Autonómica	3.228.524.-
TOTAL SECTOR PÚBLICO	6.887.929.-
INGRESOS DE RECAZACIÓN: 100%	47.943.475.-
OUTROS INGRESOS (2)	340.817.-
TOTAL INGRESOS 2012:	48.284.292.-

DISTRIBUCIÓN DOS GASTOS	
FINS DE MANOS UNIDAS: 90,5%	
● Sensibilización	2.585.411.-
● Proxectos de desenvolvemento	38.231.806.-
TOTAL FINS DE MANOS UNIDAS	40.817.217.-
PROMOCIÓN E CAPTACIÓN DE RECURSOS: 2,0%	
● Promoción e captación de recursos	892.213.-
ADMINISTRACIÓN E ESTRUCTURA: 7,5%	
● Administración e Estructura	3.386.498.-
TOTAL GASTOS 2012:	45.095.928.-
SUPERÁVIT ANO 2012*	3.188.364.-

- (1) Inclúe doazóns particulares, asociacións e fundacións, empresas e anónimos.
- (2) Inclúen resultados extraordinarios, a devolución/cancelación de axudas outorgadas nos anos anteriores, as diferenzas de cambio positivas e as provisións aplicadas.
- * O superávit do ano 2012 destinaranse á aprobación de novos proxectos durante o ano 2013.

Orixen dos Ingresos (de recadación)



* Colexios, emerxencias, actividades de sensibilización, subvencións privadas, ingresos financeiros e outros ingresos privados.

Distribución de los Gastos



Criterios de distribución dos gastos

Os gastos divídense entre os destinados ao cumprimento dos fins de Manos Unidas e os gastos de funcionamento.

● GASTOS PARA FINS DE MANOS UNIDAS:

- ▶ **Sensibilización.** Inclúe os gastos da Área de Educación para o Desenvolvemento, así como os dedicados a este fin pola Área de Comunicación.
- ▶ **Proxectos.** Inclúe o importe do total dos proxectos aprobados no exercicio.
- ▶ **Xestión de proxectos.** Son os gastos das viaxes realizadas para a identificación e supervisión de proxectos, os gastos de persoal da Área de Proxectos e os gastos ocasionados polas auditorías e polas avaliacións de proxectos financiados.

● GASTOS DE FUNCIONAMENTO:

- ▶ **Promoción e captación de recursos.** Inclúe os gastos da Área de Comunicación destinados a captar fondos e a facer publicidade da actividade da organización.
- ▶ **Gastos de administración e estrutura.** Son os gastos orixinados na xestión e administración da organización.



Manos Unidas é unha organización comprometida firmemente coa transparencia dos seus fondos, de feito, é un dos nosos valores como institución e é fiel reflexo da nosa aposta por responder ante a sociedade.

As nosas contas anuais foron **auditadas por Espaudit Gabinete de Auditoría S.A.**



Poden atopar o informe completo da auditoría en:
www.manosunidas.org.

Se o desexan en formato papel poden solicitalo nas delegacións de Manos Unidas

Ademais, Manos Unidas cumpre os principios de transparencia e boas prácticas establecidos pola **Fundación Lealtad**.



**ONG
ANALIZADA**

POR FUNDACIÓN LEALTAD

Manos Unidas está cualificada para optar a financiamento pola **Axencia Española de Cooperación Internacional ao Desenvolvemento**.



Manos Unidas cumpre todos os bloques da ferramenta de transparencia e bo goberno da **Coordinadora de ONGD de España**.



**Coordinadora
de ONGD-España**

O labor que realizamos en favor dos países máis pobres sería imposible sen os amigos e colaboradores de Manos Unidas. Unha longa listaxe de voluntarios, contratados, socios, doadores individuais e colectivos, empresas, bancos, asociacións e fundacións apoian este labor mediante doazóns, cofinanciando proxectos de desenvolvemento, patrocinando iniciativas ou prestando servizos moi diversos. É especialmente relevante a achega de colexios e parroquias.

A todos eles, moitas grazas.

A limitación do espazo dispoñible non nos permite citar a todos. Non incluimos a relación de entidades que cofinancian proxectos de desenvolvemento por figurar no noso "Libro de Proxectos", editado conxuntamente con esta Memoria.

Empresas

- ▶ AARBEI CARTERA E INVERSIONES, S.L.
- ▶ ADVANTIA COMUNICACIÓN GRÁFICA
- ▶ AGUA DE FIRGAS SA
- ▶ ALMUDEVE SERVEIS SL
- ▶ ANTÓN ALÓS CB
- ▶ ASOCIACION DE LA PRENSA
- ▶ AUTOBUSES LA VILLAVESA, S.A.
- ▶ BANCO SABADELL
- ▶ BANCO SANTANDER
- ▶ BBVA
- ▶ BON PREU, S.A.
- ▶ BUSINESS MORALES, S.L.
- ▶ CAIXABANK
- ▶ CECA
- ▶ CLINICAS DOCTOR JUAN CABRERA, S.L.

- ▶ CRE INGENIEROS, S.L.
- ▶ DERIVADOS DEL COLÁGENO, S.A.
- ▶ DESGUACES PARIS, S.L.
- ▶ DEVON HOLDING, S.L.
- ▶ DOMINGO ALONSO, S.L.
- ▶ EL CORTE INGLES, S.A.
- ▶ EMPRESA PLANA, S.A.
- ▶ GMV EUROLIFT, S.A.
- ▶ HABANA 200, S.L.
- ▶ HERMANOS CLEMENTE PEREZ, S.L.
- ▶ INPELSA
- ▶ INTERAPOTHEK, S.A.
- ▶ KH LLOREDA, S.A.
- ▶ LIBECROM, S.A.
- ▶ LLOBET DE FORTUNY, S.A.
- ▶ MANUFACTURAS RUIZ, S.A.
- ▶ MODUS DE INVERSIONES 2008

- ▶ NETOBRIL, S.A.
- ▶ OPTIM, S.A.
- ▶ OSORMEGO, S.L.
- ▶ RADIO POPULAR, S.A. (CADENA COPE)
- ▶ S´ALGAR HOTELS, S.A.
- ▶ SAICARJE, S. L.
- ▶ TEJAS BORJA, S.A.
- ▶ UNIVERSAL DE ALIMENTACION, S.A.
- ▶ VUELING AIRLINES, S.A.

Asociacións e Fundacións

- ▶ ACEPA (ASOCIACION PROV ENSEÑANZA PRIVADA DE ALBACETE)
- ▶ AGR.TRABAJADORES CAJAS RURALES (CIUDAD REAL)
- ▶ AMAS DE C. MELGAR (BURGOS)

QUERO COLABORAR CON MANOS UNIDAS

328

Enchendo este cupón, chamando ao 902 40 07 07, ou en www.manosunidas.org

Nome

Apelidos

NIF Data de nacemento

Enderezo completo

..... Código Postal

Poboación Provincia

Correo electrónico

Teléfono móbil Outro teléfono.....

ENTIDADES BANCARIAS PARA INGRESOS OU TRANSFERENCIAS

Bankia: 2038.0603.28.6001036580 **La Caixa:** 2100.2261.59.0200139842

Ibercaja: 2085.9252.03.0330430677 **Santander:** 0049.0001.54.2210040002

Sabadell: 0081.5240.07.0001941401 **Popular:** 0075.0001.85.0606400006

BBVA: 0182.2325.08.0011344904

(Por favor, envíanos o comprobante que che dará a entidade bancaria)

DOMICILIACIÓN BANCARIA

Titular Conta

Código Conta Cliente

Mira o teu talonario, caderno ou extracto e enche os datos da mesma na súa totalidade.

Código entidade Código oficina D.C. Número de conta

TARXETA DE CRÉDITO

VISA 4B MASTER CARD AMERICAN EXPRESS

Caduca fin de: **Sinatura do titular:**

..... /

Data: de de 201.....

Para calquera consulta podes dirixirte a: socios@manosunidas.org ou ao 91 308 20 20

IMPORTE

- 6 €
- 20 €
- €

PERIODICIDADE

- Mensual
- Unha soa vez
-

ACTUALIZACIÓN COTA

- o IPC anual
- un 5%
-%

As doazóns a Manos Unidas desgravan un 25% do seu importe na cota do IRPF ou, no seu caso, o 35% na cota do Imposto sobre Sociedades, en ambos os dous casos cos límites legais establecidos.

De acordo coa Lei Orgánica 15/1999 de Protección de Datos de Carácter Personal, os teus datos forman parte dun ficheiro titularidade de Manos Unidas, declarado no Rexistro Xeral de Protección de Datos, creado coa finalidade de xestionar as doazóns recibidas pola organización. Así mesmo, os teus datos serán utilizados por Manos Unidas para que estes informado sobre outras actividades da nosa organización. Podes exercer os dereitos de acceso, rectificación, oposición e cancelación mediante a comunicación escrita a Manos Unidas - Dpto. de Protección de Datos, c/ Barquillo n.º 38 - 28004 Madrid.

Non desexo recibir información de Manos Unidas

- ▶ APA COLEGIO ESCOLAPIOS (POZUELO)
- ▶ ASOCIACION ACCION VERAPAZ DE SALAMANCA
- ▶ ASOCIACION AMIGOS DE S.VIATOR
- ▶ ASOCIACION ANAWIN
- ▶ ASOCIACION CORDOBESA TERCER MUNDO (CÓRDOBA)
- ▶ ASOCIACION JUVENIL BRIJOVEN (GUADALAJARA)
- ▶ ASOCIACION JUVENIL ENCLAVE (MADRID)
- ▶ CÁRITAS DIOCESANA (PLASENCIA)
- ▶ CARITAS NERJA (MÁLAGA)
- ▶ CARITAS PARROQUIAL (ARGAMASILLA DE ALBA)
- ▶ CARITAS TORRE DEL MAR (MÁLAGA)
- ▶ CENTRO DE CULTURA POPULAR DE CÓRDOBA
- ▶ CENTRO PIGNATELLI
- ▶ CLUB ROTARIO LOGROÑO
- ▶ COL. OF. ABOGADOS DE VALENCIA
- ▶ COL. OFICIAL DE MÉDICOS DE JAÉN
- ▶ DELEGACION PASTORAL JUVENIL DE LEÓN
- ▶ ESC. PROFESIONAL XAVIER DE VALENCIA
- ▶ FUNDACION ABEL MATUTES
- ▶ FUNDACION BANCAJA
- ▶ FUNDACION CAJAMAR
- ▶ FUNDACION CANARIA NARANJO GALVAN
- ▶ FUNDACION COPRODELI
- ▶ FUNDACIÓN CULTURAL BANESTO
- ▶ FUNDACION ENRIQUE ESTEVE BALET
- ▶ FUNDACION GUIRBAU
- ▶ FUNDACION HOSPITAL DE POBRES DE VALENCIA

- ▶ FUNDACION JESUS SERRA
- ▶ FUNDACION JUAN MANUEL VILLAR
- ▶ FUNDACION L&L BHAGWANDAS SIRWANI PALACIO ORIENTAL
- ▶ FUNDACION NTRA. SRA. DE LA MISERICORDIA (SEGOVIA)
- ▶ FUNDACION PRIVADA MIARNAU
- ▶ FUNDACION PUIG PORRET
- ▶ FUNDACION REINA SOFIA
- ▶ FUNDACION UNIVERSIDAD SAN ANTONIO
- ▶ FUNDACION VEDRUNA
- ▶ FUNDACION VIC VEDRUNA
- ▶ IBERCAJA OBRA SOCIAL
- ▶ INSTITUCION BENEFICA DEL SAGRADO CORAZON
- ▶ INSTITUCIÓN BENÉFICA SAGRADO CORAZÓN DE JESÚS (ALBACETE)
- ▶ INSTITUCION BENEFICA SAGRADO CORAZON DE GRANADA
- ▶ MUJERES DE ACCION CATOLICA (CALATAYUD)
- ▶ PROCLADE BETICA EN PLASENCIA

Convenios

- ▶ BANCAJA
- ▶ BANSABADELL VIDA
- ▶ BERMAX 5.000 S.L.
- ▶ FUNDACIÓN CAJASOL
- ▶ HIDROALTAUX S.L.
- ▶ INTERNATIONAL BUSINESS MACHINES S.A.
- ▶ RADIO POPULAR S.A.
- ▶ REAL AUTOMÓVIL CLUB DE CATALUÑA

- ▶ SOC. ESTATAL DE CORREOS Y TELÉGRAFOS S.A.
- ▶ SOLUCIONES NETQUEST DE INVESTIGACIÓN S.L.
- ▶ UNNIM

Patrocinios

- ▶ BANCO POPULAR (PREMIOS RELATOS Y CARTELES INFANTILES)
- ▶ BANCO SANTANDER (PREMIO TELEVISIÓN)
- ▶ CECA (PREMIOS PRENSA ESCRITA Y PRENSA DIGITAL)
- ▶ COALIMENT S.A. (CONCIERTO)
- ▶ DIP. CASTELLÓN (CONCIERTO ESCOLANÍA VALLE DE LOS CAÍDOS)
- ▶ DIP. GUADALAJARA (CONCIERTO DE NAVIDAD)
- ▶ LA CAIXA (PREMIO CARTELES)
- ▶ OBRA SOCIAL LA CAIXA (CONCURSO DE NARRACIONES)

Medios de Comunicación

Manos Unidas agradece especialmente a todos os medios de comunicación, nacionales, autonómicos e locais (xornais, revistas, emisoras de radio e televisión) a difusión das nosas mensaxes e a publicación gratuíta dos nosos anuncios.

A todos, moitísimas grazas

**Faite socio.
Colabora.**

RESPUESTA COMERCIAL
Autorización nº 12.979
B.O.C. Nº15 del 11/02/94

Franquear
en destino

Manos Unidas
Apartado nº: 1.154 F.D.
28080 Madrid

delegacións de manos Unidas (enderezos)



Moitas persoas viron como melloraban as súas vidas grazas ao apoio incondicional de milleiros de persoas socias e colaboradoras de Manos Unidas.

É ese espírito de comunión, de solidariedade, de gratuidade e de xustiza o que nos move a todos a seguir loitando por un mundo mellor.

- 15001 A CORUÑA
Marqués de Cerralbo, 11 baixo /
Tel. 981 20 56 59
- 02002 ALBACETE
Teodoro Camino, 8 / Tel. 967 21 23 15
- 28802 ALCALÁ DE HENARES (Madrid)
Vía Complutense, 8 bis / Tel. 91 883 35 44
- 03003 ALICANTE
Arquitecto Morell, 10-2.ª esc. 1.º H /
Tel. 96 592 22 98
- 04001 ALMERÍA
Ricardos, 9 - 1.º izq. / Tel. 950 27 67 80
- 24700 ASTORGA (León)
Martínez Salazar, 8 - 1.º / Tel. 987 60 25 36
- 05001 ÁVILA
Plaza del Rastro, 2 - baixo / Tel. 920 25 39 93
- 06005 BADAJOZ
Avda. Antonio Masa, 11 / Tel. 924 24 89 51
- 22300 BARBASTRO (Huesca)
Juan de Lanuza, 6 - baixo / Tel. 974 31 56 14
- 08037 BARCELONA
Pau Claris, 190, 1.º 1.ª / Tel. 93 487 78 78
- 48005 BILBAO
Pza. Nueva, 4, 3.º / Tel. 94 479 58 86
- 09005 BURGOS
Clunia, s/n. / Tel. 947 22 06 87
- 10003 CÁCERES
General Ezponda, 14, 1.º / Tel. 927 21 44 14
- 11001 CÁDIZ
Hospital de Mujeres, 26 / Tel. 956 21 49 72
- 12001 CASTELLÓN
San Luis, 15, entresuelo - 1.º A /
Tel. 964 22 88 58
- 51001 CEUTA
Pza. de África, s/n. / Tel. 956 51 12 53
- 13001 CIUDAD REAL
Caballeros, 7 - 2ª planta / Tel. 926 25 54 67
- 37500 CIUDAD RODRIGO (Salamanca)
Díez Taravilla, 15 / Tel. 923 48 20 35
- 14008 CORDOBA
Concepción, 4, 1.º B / Tel. 957 47 95 78
- 16002 CUENCA
Avda. Rep. Argentina, 25 / Tel. 969 22 20 22
- 15402 FERROL (La Coruña)
Magdalena, 153, 1.º dcha. / Tel. 981 30 03 18
- 28901 GETAFE (Madrid)
Almendro, 4, 2.º / Tel. 91 683 89 85
- 17002 GIRONA
S. J. Bautista La Salle, 19, 2.º 2.ª /
Tel. 972 20 05 25
- 18009 GRANADA
Pza. Campillo, 2, 5.º G y H / Tel. 958 22 66 20
- 19005 GUADALAJARA
Avd. Venezuela, 9 - Colonia Sanz Vázquez
Tel. 949 21 82 20
- 18500 GUADIX (Granada)
Pso. Ismael González de la Serna, 1 baixo /
Tel. 958 66 35 92
- 21003 HUELVA
Cardenal Cisneros, 11 / Tel. 959 25 33 88
- 22002 HUESCA
Pza. de la Catedral, 8 / Tel. 974 22 65 56
- 07800 IBIZA (Balears)
Pedro Francés, 12, 2.º / Tel. 971 31 27 74
- 22700 JACA (Huesca)
Seminario, 8, 3.º / Tel. 974 36 22 51
- 23007 JAÉN
Maestro Bartolomé, 7, dupl. /
Tel. 953 25 01 14
- 11402 JEREZ DE LA FRONTERA (Cádiz)
Sevilla, 53 / Tel. 956 18 01 56
- 35003 LAS PALMAS DE GRAN CANARIA
Angel Guerra, 26 - baixo /
Tel. 928 37 13 07
- 24003 LEÓN
Sierra Pambley, 6 - 3.º C / Tel. 987 24 84 08
- 25002 LLEIDA
Blondel, 11, 2.º / Tel. 973 26 91 04
- 26004 LOGROÑO
Obispo Fidel García, 1 / Tel. 941 24 78 88
- 27001 LUGO
Cruz, 1B, 1.º / Tel. 982 25 55 67
- 28013 MADRID
Gran Vía, 46 - 4.º / Tel. 91 522 17 83
- 07701 MAHÓN (Menorca)
Carrero des Mirador de ses Monges, 1 /
Tel. 971 36 99 36
- 29015 MÁLAGA
Strachan, 6 - 3.º Izda. / Tel. 95 221 44 47
- 30001 MURCIA
Pza. Beato Andrés Hibernón, 1 - Ent. Izqda. /
Tel. 968 21 40 29
- 32005 OURENSE
Pza. Obispo Cesáreo, s/n / Tel. 988 23 37 82
- 33003 OVIEDO
San Isidoro, 2 - baixo / Tel. 98 520 31 61
- 34001 PALENCIA
Gil de Fuentes, 12 - 2.º Izq. / Tel. 979 75 21 21
- 07001 PALMA DE MALLORCA (Balears)
Seminario, 4 / Tel. 971 71 89 11
- 31006 PAMPLONA
Avda. Baja Navarra, 64, 1.º / Tel. 948 21 03 18
- 10600 PLASENCIA (Cáceres)
Las Veras, 3 / Tel. 927 42 17 07
- 36003 PONTEVEDRA
Peregrina, 50 entreplanta / Tel. 986 85 08 12
- 37002 SALAMANCA
Rector Lucena, 20, 5.º A / Tel. 923 26 15 47
- 20005 SAN SEBASTIÁN
Loyola, 15, 3.º Izda / Tel. 943 42 45 10
- 38002 SANTA CRUZ DE TENERIFE
Pérez Galdós, 26, 3.º Dcha. / Tel. 922 24 34 42
- 39001 SANTANDER
Rualasal, 5, 2.º Dcha / Tel. 942 22 78 07
- 15705 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Rúa del Villar, 18 apdo. 456 / Tel. 981 58 49 66
- 40001 SEGOVIA
Seminario, 4 - baixo / Tel. 921 46 02 71
- 41004 SEVILLA
Pza. Virgen de los Reyes, s/n. /
Tel. 95 422 75 68
- 25250 SOLSONA-BELLPUIG (Lleida)
Avd. Preixana, 16 / Tel. 973 32 01 83
- 42002 SORIA
San Juan, 5 - 1.º / Tel. 975 23 14 90
- 50500 TARAZONA (Zaragoza)
San Antón, 11 - 1.º / Tel. 976 64 47 81
- 43001 TARRAGONA
Rambla Nova, 119. esc A, 2.º 2.ª /
Tel. 977 24 40 78
- 44001 TERUEL
Yagüe de Salas, 18 - baixo / Tel. 978 61 18 45
- 45002 TOLEDO
Trinidad, 12 / Tel. 925 22 99 11
- 43500 TORTOSA (Tarragona)
Mercaders, 2 - baixo / Tel. 977 51 14 28
- 25700 URGEL (Lleida)
Pati Palau, 1-5 / Tel. 973 35 22 30
- 46003 VALENCIA
Pza. Comunión de S. Esteban, 1 - baixo /
Tel. 96 391 91 29
- 47002 VALLADOLID
Simón Aranda, 13, 1.º / Tel. 983 30 50 65
- 08500 VIC (Barcelona)
Ronda de Camprodón, 2 /
Tel. 902 702 032 - Ext. 3140
- 36204 VIGO (Pontevedra)
Vázquez Varela, 54, 2.º B / Tel. 986 42 36 96
- 01004 VITORIA
Fueros, 6, 1.º izqda. / Tel. 945 23 11 79
- 49003 ZAMORA
Plaza del Seminario, 2 / Tel. 980 53 20 91
- 50001 ZARAGOZA
Plaza de la Seo, 6 - 2ª planta /
Tel. 976 29 18 79



Manos Unidas
Premio Príncipe de Asturias
da Concordia 2010

*Grazas a todos os
que o fixeron posible*

Manos  Unidas

SERVICIOS CENTRALES

Barquillo, 38-3º. 28004 Madrid

Telf.: 91 308 20 20 - Fax: 91 308 42 08

www.manosunidas.org - info@manosunidas.org